



Resolución

De inicio do procedemento de selección de adquirentes de vivendas de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións.

De acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, trala petición do propietario da vivenda que se relaciona a continuación, esta xefatura territorial,

ACORDA

Primeiro. Iniciar o proceso de selección dos adquirentes das seguintes vivendas de promoción pública en segunda ou posterior transmisión:

Concello: Vilamarin

Número de vivendas: 1

1. Vivenda situada : Urbanización O Palomar bloque II, n.º 17

Expediente: OU-2006/020 conta 15.

Superficie útil: 99,78 m²

Tipoloxía: 3 dormitorios.

Anexos vinculados. Garaxe: Si, Rocho: Si

Prezo: 85.000,00 euros

Segundo. Ofertar a dita vivenda a través da páxina web do IGVS ás persoas inscritas ou anotadas para este tipo de vivendas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, ata a data tope do 5 de abril de 2023.

Terceiro. A vivenda adquirirase en propiedade, en virtude do contrato de compravenda que se formalice co anterior titular. O modelo de contrato será facilitado polo IGVS e, unha vez asinado, deberá presentarse ante este organismo para o seu visado.

Cuarto. Procedemento de selección

1. As solicitudes de compra das vivendas ofertadas presentaranse nesta xefatura territorial no prazo de quince días a contar desde o día seguinte ó de alta do anuncio da oferta na páxina web do IGVS.





2. De producirse unha soa petición por vivenda ofertada, esta seralle adxudicada ó seu demandante respectivo, sen prexuízo do disposto no punto 3 deste apartado.

O sorteo da vivenda terá lugar, para o caso de que concorreran dous ou máis peticionarios cos requisitos esixidos para iso por cada vivenda que se oferte. Este sorteo, de selo caso, realizarase o día 15 de maio de 2023, nesta xefatura territorial.

3. Deberase acreditar a actualización dos datos referidos ó cumprimento dos requisitos para seren titulares de vivenda de promoción pública. Para este fin, a xefatura territorial poderá solicitar ó seleccionado a documentación que considere necesaria.

Se revisada a documentación e practicadas as actuacións citadas, o adquirente seleccionado non cumprira os requisitos esixidos, se declarará excluído, logo do trámite de audiencia, e o seu lugar ocupara o primeiro integrante da lista de espera que cumpra ditos requisitos.

4. Efectuada a selección do adquirente, notificarase o resultado ó vendedor da vivenda. Ó designado como adquirente concederáselle un prazo de dez días para que comunique a súa aceptación. De non aceptar ou non contestar en prazo, entenderase que non está interesado na súa adquisición e procederase a designar como posible comprador ó seguinte petionario, que determinou como preferente o listado confeccionado a resultas do sorteo.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Victoria Núñez López

(documento asinado electrónicamente)



D./Dña. _____ con D.N.I.
_____, e núm. de inscrición no Rexistro Único de Demandantes de
Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia _____, á vista da oferta de vivendas
de promoción pública en segundas transmisións, para selección de adquirentes,
publicada no portal de Internet do IGV, con data do ____ de _____ de
20__.

SOLICITO:

A inclusión no procedemento de selección de adquirentes para a/s vivenda/s que a
continuación sinalo, de conformidade co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010,
do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da
Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así
como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Vivenda/s nas que estou interesado (Marque as que correspondan, indicando de
selo caso a orde de preferencia):

☐ OU-2006/020, conta 15 (Urbanización O Palomar Bloque II n.º 17, Vilamarín)

_____, ____ de _____ de 202__

Sinatura

INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO DE OURENSE
R/ SAENZ DIEZ Nº 1
OURENSE